

CERTIFICADO

CAROLINA COSTOYA PARDO, secretaria do Concello de Rianxo (A Coruña),
CERTIFICO,:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 27 de novembro de 2012,
adoptou o seguinte acordo cuxo contido transcríbese deseguido:

<<4.- LICITACIÓN PÚBLICA e BENS

APROBACIÓN DA LICITACIÓN RELATIVA A: POS 2012

OBRA: "INSTALACIÓN REDE DE ABASTECIMENTO EN LEIRO, IÑOBRE, SENRA E CASTRIÑO"

Incoado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 13 de novembro de 2012, a licitación da obra en cuestión por procedemento negociado sen publicidade en atención á súa contía, e tramitación ordinaria.

Visto que o expediente inclúe:

- Proxecto técnico e acta de replanteo.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación, así como os seus Anexos.
- Pregos de prescricións técnicas para a execución da obra.
- Informe conxunto de Secretaría e de fiscalización da Intervención do 23 de novembro.
- Certificado de existencia de crédito do 22 de novembro, para o actual exercicio.

Sendo competente para a aprobación do expediente previa á apertura do procedemento de adxudicación a Xunta de Goberno Local por delegación desta Alcaldía vía Resolución nº 912/2011, do 27 de xuño, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria, de acordo cos artigos 110, 171.d) e 177.2 e correlativos do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para a adxudicación da obra "INSTALACIÓN REDE DE ABASTECIMENTO EN LEIRO, IÑOBRE, SENRA E CASTRIÑO", cun orzamento total de execución por contrata de cento vintenove mil douscentos tres euros con trinta e oito céntimos de euro (129.203,38 euros) IVE incluído.

Segundo: Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, cos seus Anexos, e Pregos de Prescricións Técnicas, que rexerán a contratación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente a dita obra para a anualidade actual (2012) por 78.518,08€ (IVE engadido) con cargo á partida 161.2a.623.00 e adoptar o compromiso de dotar de crédito suficiente para a financiamento deste contrato na anualidades seguintes (2013), sendo o orzamento total de contratación de 129.203,38€ que se desagrega nun valor estimado de 106.779,65€ mailo IVE (21%) de 22.423,73€.

Cuarto: Dispoñe-la apertura do procedemento negociado sen publicidade de adxudicación, tramitación ordinaria e cursar invitacións ás seguintes persoas/ empresas:

- Ramón Iglesias Sánchez, S. L.- Rúa As Cortes nº 14.- 15920 - Rianxo.



- Construcciones Andrés Seijas, S.L.- Fincheira- Edif. Cruceiro.- 15920 – Rianxo.
- Construcciones Nemesio Ordoñez S.A.- Runs s/n.- 15930 – Boiro.
- Tarrio y Suárez S.L.- Lgar. Dorna nº 5-5º B.- 15985 Taragoña – Rianxo.
- Aquagest S.A.- Rúa Jofre Tenorio nº 5 Baixo.- 36002- PONTEVEDRA

Asemade publíquese a licitación no perfil do contratante cos pregos que a rexen en cumprimento do esixido nos pregos-tipo da Deputación.

A Xunta de Goberno Local, ACORDA, por unanimidade dos 5 membros presentes dos 6 que a constitúen, APROBAR dita proposta nos termos desta./>>

E para que así conste, expido e asino o presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, coa salvedade do especificado no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Rianxo a 29 de novembro de 2012.-

A secretaria

Vº e Pr.
O Alcalde

Adolfo F. Muíños Sánchez